

O GROVE

COBRANZA EN PERÍODO VOLUNTARIO DO PADRÓN MUNICIPAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DE 2011 E DO PADRÓN DE ENTRADA DE GARAXES

Logo de ser aprobado mediante unha resolución da Alcaldía do día 16 de marzo de 2011 o Padrón municipal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica correspondente ao exercicio de 2011 e o de entrada de garaxes, expóñense ao público, para os efectos de exame e reclamacións, por un período de 15 días, que comezará a contarse a partir do día seguinte en que este anuncio sexa publicado no Boletín Oficial da Provincia.

De conformidade co previsto no artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, regulador das facendas locais, comunícaselles aos/ás contribuíntes afectados/as que o período voluntario de cobranza do mencionado padrón será do 15 de abril ao 15 de xuño, ambas as dúas datas incluídas, nas oficinas de Recadación en horario de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do art. 102 da vixente Lei xeral tributaria.

O vencemento do prazo en período voluntario sen ter sido satisfeita a débeda determinará o comezo do procedemento de constrinximento, a percepción do recargo do 5, 10 ou 20% e os demais conceptos esixibles.

Contra o acto de aprobación do padrón poderá interporse un recurso de reposición ante o alcalde-presidente no prazo dun mes, que comezará a contarse desde o día seguinte ao do remate do período da súa exposición pública, de conformidade co previsto no artigo 14 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

O Grove, a 16 de marzo do 2011.—O alcalde, José Antonio Cacabelos Rico.

2011003006

* * *

A GUARDA

Anuncio de licitación

O Concello de A Guarda, aprobou convocar subhasta pública para adxudicar a concesión administrativa de dous postos fixos na planta baixa, (postos nº 1 e nº 2) no Mercado de Abastos de A Guarda:

1.—ENTIDADE ADXUDICATARIA:

- a) Organismo: Concello de A Guarda.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.

2.—OBJECTO DO CONTRATO:

- a) Descripción: Concesión administrativa mediante subhasta, dos postos fixos nº 1 e nº 2 na planta baixa do Mercado de Abastos de A Guarda.
- b) Destino: Na planta baixa irán emprazados os postos dedicados a carnicería, pescadería, mariscos e charcutería.
- c) Duración da concesión: 10 anos, prorrogable a 5 anos máis. Límite máximo 15 anos.

3.—TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN:

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Aberto.
- c) Forma: Subhasta.

4.—CANON BASE DE LICITACIÓN.

Posto sinalado co número 1 da planta baixa: 1.070,16 euros

Posto sinalado co número 2 da planta baixa: 1.070,16 euros

Quen resultase titular da concesión deberá satisfacer mensualmente os dereitos e taxas municipais sinalados ó seu posto nas correspondentes Ordenanzas Fiscais.